

1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- Marco e densidades de plantación:
 - Distancia entre plantas de 3,5 metros entre liñas e 2 metros entre plantas, 3,5 m x 3 m, 3,5 m x 3,5 m ou 4 m x 2 m para densidades de 815 a 1.430 pés/ha.
 - Distancias de 4 m x 4 m ou 5 m x 5 m en densidades para madeira de 400 a 625 pés/ha.
 - Usar material de excelente calidade xenética e morfolóxica (seleccionado en *Castanea sativa* e controlado en *Castanea hybrida*).

3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras e roza total tras plantación.
- Roza mecanizada entre liñas de plantación e manual nas plantas.



MODELO SILVÍCOLA CS1

ESPECIE: *Castanea sativa* Miller (altitude > 550 m) ou *Castanea x hybrida* (altitudes menores), aplicable a formacións mixtas con piñeiros ou outras frondosas autóctonas

OBXECTIVO: madeira para serra e chapa. 200-250 pés/ha de calidade en corta final

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais



Máis información do modelo

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas de formación:** a partir dos 2 anos ata os 6-7 anos e actuar repetidamente cada 2 ou 3 anos para buscar 6 m de fuste recto. Podar só os pés de máis calidade (400 pés/ha de boa conformación). Absolutamente necesaria en plantacións de baixa densidade (5 m x 5 m a 4 m x 4 m). Moi importante a desinfección da ferramenta entre árbores.
- **Desmestas:** aos 8-12 anos baixar a densidade a 600-800 árbores/ha se se parte de alta densidade.
- **Rareas:** farase a primeira rarea aos 13-16 anos con selección de 250 árbores/ha. En altas densidades farase aos 18-20 anos, deixando 370 árbores/ha. Realizar 2-3 rareas máis, con periodicidade de 7-8 anos e tendencia a densidade final de 200 a 250 pés/ha.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** aos 30-60 anos.
- **Métodos de corta:** corta a feito. Rexeneración por rebrote e plantación.